

# BANDO

Segundo datos oficiais publicados polo Servizo Galego de Saúde, Ponteareas sitúase en nivel de alerta vermella ao superar nos últimos sete días os 21 novos casos positivos de COVID-19, confirmados por PCR.

Malia que a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia non facilita o número concreto de persoas contaxiadas na localidade, debemos contribuír a pór freo á escalada de contaxios en base aos datos semanais que figuran no mapa epidemiolóxico galego por tramos de persoas.

Nesta situación, é preciso extremar as precaucións e adoptar todas as medidas que axuden a minimizar riscos para preservar a saúde das veciñas e veciños. Por este motivo acórdase, por Resolución de Alcaldía de data 29 de outubro de 2020, a adopción das medidas que a continuación se relacionan:

- Supresión das visitas á Residencia de Maiores Santa Ana.
- Suspensión de todas as actividades e eventos socioculturais en instalacións públicas así como en Centros Culturais, con excepción da Biblioteca Municipal, que permanecerá aberta para o préstamo de libros. Esta medida implica tamén a suspensión dos bingos sociais.
- Suspensión das actividades deportivas en equipo que se practican nas instalacións municipais, agás competicións federadas, que se realizarán sen presenza de público.
- Intensificación da desinfección en espazos públicos, como parques infantís e biosaudables.
- Limitación dos postos nas feiras e mercados a produtos agroalimentarios
- Medidas específicas para o Cemiterio Municipal co gallo do Día de Todos os Santos e Defuntos, de acordo co protocolo establecido pola Dirección Xeral de Saúde Pública:
  - O horario de apertura da instalación será de 9:00 a 19:00 horas.



- Establécese un máximo de 4 persoas conviventes por grupo de visitas, que deberán ter unha duración inferior a 30 minutos.
- Manter o distanciamento interpersoal de cando menos 1,5 m e o uso de máscara.
- Non fumar na vía pública ou en espazos ao aire libre cando non se poidan respectar cando menos 2 metros de distanciamento con outras persoas. Non se poderá fumar dentro das instalacións do cemiterio.
- Organización da entrada e saída de persoas, así como do tránsito de vehículos, que accederán pola estrada provincial cara As Neves e sairán cara a rúa Trovador Xoán García de Guillade.
- Adecuada hixiene de mans, para o que se disporán dispensadores de xel hidroalcohólico na entrada. Tamén se realizarán tomas de temperatura.
- Non se celebrarán oficios relixiosos no propio Cemiterio para evitar aglomeracións.

Ponteareas, 29 de outubro de 2020

O Alcalde, Xosé Represas Giráldez

(Documento asinado electrónicamente)

